

PLAN DE TRABAJO DO COORDINADOR DE BIENESTAR E A CONVIVENCIA

1.- Introducción: xustificación do plan

Este plan nace da orde ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa *coordinadora de bienestar e convivencia* nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Nesta mesma norma faise referencia ás bases legais deste cargo que debe ser designado pola dirección de todos os centros. O fin é o de desempeñar as funcións de coordinación de bienestar e protección que, como recoñece a propia norma, xa estaban previstas e incluídas no Plan de convivencia de centro e que se desenvolvían ademais a través da dinamización de convivencia e a orientación educativa nos diferentes niveis a través fundamentalmente do PAT (Plan de acción tutorial).

Para concretar máis o termo novidoso de “benestar emocional”, poderíase definir como un concepto amplo que ten que ver, non só coa experiencia subxectiva de sentirse ben, en harmonía e con tranquilidade, senón tamén coa experiencia persoal de satisfacción por ser quen de afrontar dificultades e superar de xeito positivo ou adaptativo as contrariedades que se presentan na vida cotiá.

En todo caso, o bienestar emocional aínda relacionándose máis co plano persoal e individual non se pode desligar do concepto amplo de convivencia, de natureza social, xa que a cantidade de interaccións que se producen nun ecosistema como pode ser o do centro educativo e a súa contorna, inflúe inevitablemente no estado anímico e na disposición das persoas do cal depende, á súa vez, o clima de convivencia no centro. De maneira que todas as accións, tanto de tipo preventivo como de intervención, dirixidas á mellora neste ámbito deben responder ao coñecemento dese contexto concreto, do saber e experiencia acumuladas co fin de dar resposta ás necesidades detectadas.

Este *Plan de traballo* incluírase dentro do Plan de Convivencia, tal como se recolle na orde que o regula.

2.- Análise do contexto

O CEIP Juan Fernández Latorre sitúase no barrio coruñés do Castrillón. O recinto está situado no corazón do barrio, nunha zona con dotación de servizos, ben equipada e comunicada. A poboación se corresponde, en liñas xerais, cun estrato socioeconómico de perfil entre medio baixo e medio alto. A zona continúa en expansión e crecemento, cun prezo da vivenda máis asequible, o que atrae parellas nova en idade de ter fillos para escolarizar, razón pola que a demanda de prazas roza anualmente o 100 %, e mantendo unha previsión de aumento a medio prazo. A presenza de familias inmigrantes continúa sendo menor que noutros barrios da cidade e non presentan, de momento, dificultades significativas de integración na vida escolar, nin no propio barrio. O nivel sociocultural

correspóndese co nivel económico: clase obreira, empregados e funcionarios, maioritariamente. En canto ao movemento social e cultural do barrio trátase dunha zona con moita actividade impulsada principalmente polo Centro Cívico Municipal, a súa Biblioteca e asociacións.

O centro conta coas seguintes unidades: 6 de Educación Infantil (2 unidades por nivel) e 14 de Educación Primaria (2 unidades por nivel). O alumnado matriculado é de 150 alumnos/as en EI e 306 en primaria; en total, 456. En canto a persoal docente, o centro conta con 6 titoras de Ed. Infantil e 12 titoras/es de E. Primaria; 2 mestras de apoio de Ed. Infantil; 2 especialistas de E. Física; 1 especialista de E. Musical; 2 especialistas de Lingua Inglesa; 3 de Pedagogía terapéutica, 3 de Audición e Linguaxe, 1 de Relixión Católica, 1 de PROA + (a media xornada), 1 Orientador e 1 Auxiliar de conversa. O persoal non docente está composto por: 1 Conserxe, 1 Auxiliar administrativa e 3 coidadoras. Persoal de servizos: 3 Persoas de limpeza (só 1 a tempo completo).

-Situación de partida

En materia de convivencia e bienestar emocional do alumnado, o centro dispón xa dos diferentes plans que integran o PEC do centro e que están a disposición e acceso público de toda a comunidade educativa, como son:

- O Plan de convivencia e o NOF (normas de organización e funcionamento do centro).
- O Plan de acción tutorial (PAT).
- Plan de igualdade.

Cómpre salientar que se trata dun centro cun clima de convivencia desexable, que incluso parece ir mellorando ano a ano, segundo se deduce de que a conflictividade rexistrada é mínima en canto a casos de importancia ou gravidade, en calquera grao. Polo tanto, a situación de partida resulta satisfactoria e as condicións son favorables polo que convén non modificar demasiado o que xa se demostrou útil e eficaz.

O desenvolvemento de actuacións cada curso réxese segundo o previsto nas diferentes concrecións dos plans, plan anual de orientación e acción tutorial, que constitúen a base da atención adicada a este ámbito, principalmente en canto á dimensión preventiva. Ésta, complementase con accións máis específicas de intervención directa en casos concretos cando se producen ou unha vez detectados, xa que implican a posta en funcionamento de diferentes recursos: internos (titores/as, orientación, xefatura de estudos, dirección) e/ou externos (profesionais do ámbito sanitario, servizos sociais, equipo de orientación específico, UACO). Igualmente, cóntase con mecanismos de coordinación e seguimento que axudan ao desenvolvemento persoal e das competencias emocionais, o que permite acadar un mellor bienestar persoal e social, como son:

- A previsión de tempos por titorías para consultar e coordinar actuacións neste ámbito entre as persoas titoras e o coordinador de bienestar e convivencia/ orientador.
- Reunións periódicas entre a persoa coordinadora de bienestar e convivencia/orientador coa

xeftura de estudos e a dirección, tanto para coordinar medidas e actuacións como para dar conta de casos relevantes que, pola súa natureza, requiran dunha concentración de medios e recursos maior.

- Comunicación fluída coas familias, por medio dos diferentes procedementos e canles de información, para a posta en coñecemento de calquera feito de relevancia neste ámbito que se produza, en ambas direccións.
- Colaboración con axentes externos con competencias e coñecemento nesta materia, desde asociacións e entidades ata equipos externos da Administración, servizos sociais e os centros cívicos municipais de proximidade.

3.- Obxectivos

Na formulación destes obxectivos, de carácter xeral, trátase de reflectir unha concepción do que significa realmente o bienestar emocional e a convivencia en harmonía, apuntando os piares fundamentais sobre os que sustentar e dar sentido á figura da persoa coordinadora do bienestar e a convivencia. É importante ter en conta que se trata de evitar a superposición ou solapamento de funcións con outros responsables e profesionais, sen invadir o marco das funcións e o ámbito de responsabilidade de cadaquén. De aí que a finalidade e utilidade esenciais sexan as de observar, escoitar, acompañar, colaborar, axudar, atender, informar, coordinar, supervisar e intervir máis ou menos directamente segundo sexa conveniente, sen invadir competencias nin interferir onde non resulte necesario; estamos a falar de “emocións”, de sentimentos, de bienestar e de relación; polo tanto, o prudente parece que debe ser actuar en todo momento co maior tacto, medida e profesionalidade que sexa posible.

Os obxectivos trazan esas intencións e os indicadores enunciados representan as referencias a partir das cales orientar as accións e os seus correspondentes niveis de logro nas correspondentes concrecións anuais.

1.-Apoiar anualmente o desenvolvemento do *Plan de convivencia* mediante actuacións de tipo preventivo, de intervención directa de casos e seguimento do clima de convivencia no centro.

Indicadores:

- Coordinación co equipo directivo na prevención de situacións de potencial risco e actuacións de mediación e resolución en casos concretos.
- Colaboración co departamento de orientación nas propostas para o desenvolvemento do PAT en materia de convivencia.

2.-Identificar e detectar alumnado en condicións de vulnerabilidade por presentar dificultades de aprendizaxe e outras necesidades específicas (incluídas o aseo ou a alimentación)

Indicadores:

- Colaboración coas titorías na detección e actualización da información relativa a este alumnado.
- Coordinación de actuacións co orientador ou orientadora: detección, apoio nas condicións de escolarización, á comunicación coas familias e no tocante a axudas e servizos.
- Accións preventivas desde o centro para a adquisición de hábitos saudables e de hixiene.
- Seguimento: reunións co equipo docente, orientación, familia e/ou servizos externos.

3.-Contribuír a un clima de convivencia baseado na escoita, o diálogo, no respecto mutuo, a información, a transparencia, a responsabilidade individual e a resolución pacífica dos conflitos.

Indicadores:

- Coñecemento das normas de centro, dos dereitos e deberes por parte dos diferentes membros da comunidade educativa, dos protocolos de prevención e protección das diferentes formas de violencia así como dos procedementos de actuación.
- Utilización das canles e procedementos adecuados na comunicación de situacións persoais de malestar, agresión, hostigamento ou acoso.
- Resolución de conflitos de maneira alternativa aos procedementos sancionadores.
- Intervencións con resultado satisfactorio na solución de problemas individuais ou grupais, de calquera membro ou sector da comunidade educativa, a través da xestión directa dos casos ou da estratexia de mediación.

4.-Identificarse diante da comunidade educativa como unha das figuras de referencia en canto á mellora do bienestar emocional e a convivencia.

Indicadores:

- Coordinación coa persoa responsable da orientación na atención de casos individuais de alumnado en situación de desvantaxe, risco ou malestar que trascendan ou completen o ámbito da titoría.
- Atención ao profesorado tanto na prevención como na intervención de situacións que poñan en risco o equilibrio ou bienestar emocional propio nos casos derivados das súas funcións.
- Participación da persoa coordinadora, en colaboración co equipo directivo, no labor de velar porque se cumpran as condicións de traballo xustas e lexítimas do persoal docente e non docente, así como cos recursos necesarios para a preservación dun clima de convivencia axeitado.
- Atención a familias en canto a demandas, asesoramento, orientación e/ou intervención tanto individualmente como en actuacións grupais ou procedentes da asociación de nais e pais.

5.-Facilitar a comunicación, as relacións e as intervencións xustificadas con servizos externos competentes na materia, como poden ser os servizos sociais, da

Administración, sanitarios ou privados, sen prexuízo das competencias propias do departamento de orientación.

Indicadores:

-Coordinación co departamento de orientación en actuacións con alumnado vulnerable ou en situación de risco, en canto a información, provisión de recursos, apoio persoal e familiar, así como de tramitación de protocolos cando a natureza dos casos o esixan.

-Colaboración conxunta cos servizos sociais da zona.

4.-Procedementos de seguimento, avaliación e modificación

O seguimento realizarase en relación as accións recollidas nas concrecións anuais, incluídas na PXA e a temporalización indicada nas mesmas. A avaliación final de cada curso reflectirase nun informe elaborado polo coordinador de bienestar e convivencia, do que dará traslado ao equipo directivo para o seu coñecemento e difusión nos órganos e ámbitos que considere.

Para a modificación deste Plan anual de traballo, incluído no Plan de convivencia, seguirase o mesmo procedemento que o realizado para a súa aprobación.

Coordinación de bienestar emocional e convivencia

Setembro de 2023